

## ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE XUVENTUDE E DEPORTES

No Pazo Provincial, sendo 11:42 horas do día 10/09/21, reúnese a Comisión de Xuventude e Deportes, baixo a presidencia de **D. GORKA GÓMEZ DÍAZ**, sendo a súa suplente **D<sup>a</sup>. ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ**, e coa asistencia dos seguintes Deputados/as, **de D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ, D<sup>a</sup> ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA, D. CARLOS LÓPEZ FONT, D<sup>a</sup> NOEMÍ OUTEDA PROL, D. MANUEL GONZÁLEZ MARTÍNEZ, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> VICTORIA ALONSO MÉNDEZ, D. JORGE CUBELA LÓPEZ, D. MIGUEL DOMÍNGUEZ ALFONSO, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> PAZ LAGO MARTÍNEZ, D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ, D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS, D. JAVIER TOURÍS ROMERO, D. IGNACIO MARIL PARDO, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO e D<sup>a</sup> MARÍA ORTEGA IÑARREA.**

Actúa como Secretario **D. ANTONIO SANTOS GUERRA**, Xefe do Servizo Deportes.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudio dos asuntos que figuran na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.-LECTURA E APROBACION SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.**

Non existindo reparo algún, apróbase, por unanimidade, a acta de 23/07/2021.

### **2.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS PARA A ORGANIZACIÓN DE CAMPIONATOS, EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2021**

Polo Presidente da Comisión dáse conta da aprobación na Xunta de Goberno nº 2.30702 de data 13 de agosto de 2021, da concesión das subvencións para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas da provincia de Pontevedra para o ano 2021.

A contía máxima destinada ás axudas é de 250.000,00 euros, con cargo á aplicación 21/340.3400.489.04 do vixente Orzamento provincial.

Queda dada conta.

### **3.- ROGOS E SUXESTIÓNS**

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 11:45 horas do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

